

## REGULAMENTO DE VOLUNTARIADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO

### INTRODUCCIÓN

O Estatuto de Autonomía de Galicia recolle no seu artigo 4.2. disposicións semellantes ás contidas no artigo 9.2 da Constitución Española, dirixidos ambos e dous a regularen as relacións entre as persoas voluntarias e as entidades de voluntariado. Así, tanto a Lei 3/1987, de 27 de maio, de servizos sociais, coma a posterior Lei 4/1993, de 14 de abril, de servizos sociais, reflicten disposicións que atinxen ao voluntariado.

A Lei estatal 6/1996 de 15 de xaneiro de Voluntariado Social regula as actuacións dos cidadáns dirixidas á satisfacción de necesidades de interese xeral e especialmente a erradicación de situacións de discriminación. O seu ámbito cínxese a entidades públicas e privadas estatais ou internacionais.

A Lei 3/2000 do Voluntariado de Galicia definen o voluntariado coma o conxunto de actividades de interese xeral, desenvolvidas por persoas físicas, sempre que estas actividades non se realicen en virtude dunha relación laboral, funcionarial, mercantil ou calquera outra retribuída. Os requisitos mínimos establecidos nesta Lei para que unha actividade poida ser legalmente entendida como voluntariado son:

- O carácter altruísta, desinteresado e solidario das actividades,
- A liberdade e a gratuidade con que se fai,
- A súa realización a través de organizacións públicas e privadas e desenvolverse mediante programas e proxectos concretos de interese xeral.

O voluntariado é unha forma de participación da sociedade na atención de necesidades na cal conflúen, xa que logo, a liberdade de actuación, a solidariedade e o altruísmo. Mais o voluntariado precisa de superar a fase de voluntarismo de carácter informal para se conformar sempre dentro dun proxecto ou programa dirixido á atención concreta de necesidades de interese xeral.

A Lei 3/2000, de 22 de decembro, de Voluntariado de Galicia (DOG nº 205, de 28 de decembro de 2000) será a referencia normativa e de aplicación ás actuacións en materia de voluntariado que teñan lugar no ámbito da Universidade de Vigo así como as disposicións que a desenvolvan neste eido e estean vixentes. Nesta lei recóllese unha ampla regulación do voluntariado superando a fase inicial do voluntariado, puramente asistencial para normar ademais as accións que os novos tempos e a sociedade demandan: lecer, cultura, medio etc.

## **CONCEPTO DE PERSOA VOLUNTARIA**

Considérase persoa voluntaria toda persoa física que de xeito libre, altruísta, solidario e responsable realiza actividades a favor das demais persoas ou de interese colectivo, no seo de entidades de acción voluntaria públicas ou privadas e democráticas sen ánimo de lucro e sen recibir ningún tipo de contraprestación económica. A condición de persoa voluntaria será compatible coa de socia na entidade ou organización en que exerza o voluntariado.

## **OBXECTIVOS**

A Universidade de Vigo ten os seguintes obxectivos nas súas accións de voluntariado:

- 1.- Promover a integración do estudantado propio na realidade social e universitaria como parte fundamental da súa formación integral e complemento necesario dos seus coñecementos académicos.
- 2.- Facilitar o acceso ao desenvolvemento de actividades voluntarias a todo o persoal universitario que desexe encarrear as súas inxerencias sociais, cooperativas e solidarias.
- 3.- Promover a participación solidaria da universidade e de cada membro da comunidade con entidades de carácter social, civil e cidadán en campañas e accións de solidariedade local, nacional, estatal e internacional.
- 4.- Reforzar as necesidades de apoio a persoas e colectivos con necesidades especiais ou risco de exclusión mediante accións iniciadas pola propia Universidade ou mediante avinzas con organizacións e institucións.
- 5.- Co obxectivo de acadar un bo desenvolvemento das accións voluntarias, levaranse a cabo actividades específicas e básicas destinadas á correcta formación e información da persoa voluntaria.
- 6.- Potenciar o recoñecemento social da figura do voluntariado, figura moi valorada noutros países nos currícula dos universitarios e universitarias.
- 7.- Consolidar os programas de colaboración social xa iniciados polas ONG'S coas que a Universidade teña asinados convenios de colaboración. Crear as comisións de seguimento destes convenios (tal como se recolle no punto 5 dos Acordos Marcos de Cooperación) e promover a sinatura de novos convenios.
- 8.- Crear programas internos na Universidade: integración de alumnado universitario con necesidades especiais, acollida a estudantes estranxeiros/as, patrimonio, lingüístico, ecolóxico etc.
- 9.- Integración de membros da Comunidade Universitaria en equipos de traballo que incidan na problemática social específica da nosa contorna.

- 10.- Difusión interna e externa das actividades da Área de Voluntariado.
- 11.- Sensibilización na Comunidade Universitaria da importancia do voluntariado.
- 12.- Colaboración cos servizos existentes de cada un dos Campus e na Vicerreitoría de Extensión Universitaria nos diferentes acontecementos e actividades que estes organizan.
- 13.- Organización de xornadas e programas de acción a favor de hábitos de conduta solidaria, así como de educación para a saúde e de promoción de hábitos de vida saudable (prevención da SIDA, alcolismo, drogodependencia etc.).
- 14.- Xeración de emprego: o labor do voluntariado descobre necesidades en que pode existir unha demanda solvente, mais xebrarase o traballo voluntario de calquera forma retribuída de servizos sen que se poidan cubrir con persoal voluntario postos de traballo que deban ser cubertos por persoal asalariado. O traballo de voluntariado é complementario, non substitutorio.

### **ÁMBITO DE ACTUACIÓN**

Tal e como recoñecen a Lei 6/96 de Voluntariado Social, a solidariedade e a Lei galega 3/2000, a solidariedade e o compromiso social que supón o voluntariado poden ir encamiñados en diferentes liñas de actuación (dende a educación ao deporte, dende o cívico ao asistencial) pero tendo sempre en común un carácter altruísta e de axuda aos demais.

O voluntariado con esta función social terá como principais ámbitos de actuación os seguintes:

Dereitos humanos e paz, Medio e ecoloxía, Saúde, Cultura e Patrimonio, Cooperación internacional, Consumo, Deporte, Educación, Mocidade, Lecer e tempo libre, Servizos sociais (hospitais, persoas con necesidades específicas, colectivos en desigualdade social ou risco de exclusión, terceira idade, infancia etc.) e calquera outra área de intervención non citada previamente e que complete áreas de acción de voluntariado que se axeiten ao disposto na Lei 3/2000.

### **ESTRUTURA**

O Colectivo de voluntariado da Universidade de Vigo dependerá orgánica e administrativamente da Vicerreitoría de Extensión Universitaria. A información relativa ao voluntariado poderá atoparse tanto na Vicerreitoría citada anteriormente coma no SIOPE ou nas vicerreitorías dos campus de Ourense e Pontevedra.

## **SEDES**

O Colectivo de voluntariado da Universidade de Vigo deberá ter, ademais do apoio das instalacións da propia Vicerreitoría de Extensión Universitaria, tres sedes operativas, distribuídas territorialmente do seguinte xeito:

Campus de Ourense: Área de Servizos á Comunidade. Edificio Administrativo do Campus das Lagoas.

Campus de Pontevedra: Área de Servizos á Comunidade. EUET Forestais do Campus da Xunqueira.

Campus de Vigo: SIOPE. Edificio Miralles. Campus das Lagoas-Marcosende.

## **FUNCIONAMENTO DO COLECTIVO PERMANENTE DE VOLUNTARIADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO**

Por convenio con outras administracións públicas e institucións, estableceranse mecanismos que permitan a dinamización do Servizo de Voluntariado, procurando a realización satisfactoria das seguintes funcións:

- 1.- Proposta da asignación de tarefas a cada persoa voluntaria segundo o seu perfil, xa sexa por dispoñibilidade de tempo, formación ou experiencia. A Vicerreitoría de Extensión Universitaria será a encargada de aprobar esta asignación.
- 2.- Propiciar a comunicación entre todas as persoas voluntarias desta Universidade a través de reunións periódicas de equipos e en rede, de xeito que cada quen poida informar aos demais das súas experiencias.
- 3.- Facilitarlles a formación necesaria ás persoas voluntarias para cumpriren da forma máis axeitada a súa tarefa, xa sexa con persoal da propia universidade, xa a través de persoal especializado externo.
- 4.- Buscar novas actividades en que cumpran accións de voluntariado.
- 5.- Contactar con ONG'S, ONGD'S, asociacións sen ánimo de lucro, institucións etc., co fin de detectar as necesidades de voluntariado na contorna e elaborar anualmente a oferta de prazas de voluntariado da Universidade de Vigo.
- 6.- Manter contacto permanente con entidades e organizacións para fomentar a cooperación social na contorna.

## **DEREITOS DAS PERSOAS VOLUNTARIAS**

Segundo a Lei 3/2000 as persoas voluntarias da Universidade de Vigo terán dereito a:

- 1.- Ser inscritas no Rexistro de Altas e Baixas do Persoal Voluntario da Universidade de Vigo.
- 2.- Ser tratadas sen discriminación, respectando a súa liberdade, dignidade, intimidade, lingua e crenzas e realizar a actividade de voluntariado en condicións de seguridade e hixiene.
- 3.- A que a Universidade de Vigo lles asine unha póliza de seguro que os ampare no desenvolvemento das súas funcións de voluntariado.
- 4.- Dispor dunha acreditación da súa condición de voluntario/a.
- 5.- Participar activamente na organización en que estean integradas de acordo cos seus estatutos, colaborando na planificación, deseño, execución e avaliación dos programas en que colaboren.
- 6.- Recibir un certificado que lles acredite as horas de voluntariado realizadas e a súa validación en créditos de L.E. ou ECTS. O cumprimento dos horarios será controlado dende a propia Vicerreitoría de Extensión Universitaria quen, consecuentemente, procederá á validación en créditos.
- 7.- A entidade colaboradora proporcionaralles os medios e recursos necesarios e cubrirá os gastos derivados da súa actividade como voluntarios.
- 8.- A percibir os gastos de transporte derivados da súa acción como voluntarios, de acordo cos orzamentos da Universidade de Vigo.
- 9.- Non realizar actividades alleas aos fins para os que foron asinados.
- 10.- Contar coa posibilidade de cambiar de actividade sempre e cando existan causas xustificadas.
- 11.- Cesar libremente na súa condición de persoas voluntarias.
- 12.- Recibir formación, apoio, orientación e información axeitada antes e durante o desenvolvemento da súa actividade de voluntariado.
- 13.- En xeral, os dereitos derivados da Lei 3/2000 e do resto do ordenamento xurídico.

## DEBERES DAS PERSOAS VOLUNTARIAS

- 1.- Participar nos labores previos e xornadas formativas de cara ás súas funcións de voluntariado.
- 2.- Garantir a confidencialidade da información que manexe durante o desenvolvemento da súa actividade, equiparándoo a segredo profesional.
- 3.- Respetar os dereitos e crenzas das persoas beneficiarias das accións de voluntariado.
- 4.- Respetar as medidas de seguridade e hixiene que se adopten no lugar onde desenvolverá as súas tarefas.
- 5.- Coidar e facer bo uso dos recursos materiais que poñan á súa disposición as entidades para o desenvolvemento da súa actividade, así como empregar debidamente as acreditacións e distintivos da organización que se lles outorguen.
- 6.- Rexeitar calquera tipo de contraprestación económica ou material que lles poidan ofrecer, tanto organizacións coma particulares, en virtude da súa actuación.
- 7.- Cumprir cos compromisos acordados cos entidades, institucións ou organizacións en que se integren, respectando o disposto nos seus estatutos.
- 8.- Cumprir co compromiso adquirido coa Universidade de Vigo. No momento en que non poida cumprilo deberá notificar a baixa no Rexistro de Voluntariado cunha antelación de 10 días.

## CONTROL DAS ACCIÓNS DE VOLUNTARIADO

Serán os responsables das entidades, institucións e organizacións colaboradoras os que farán constar o cumprimento satisfactorio das actividades ás que se comprometeron as persoas voluntarias e no horario estipulado.

O número de horas totais en ningún caso será superior a **10 horas semanais**, pois do contrario as persoas voluntarias non terían tempo para lle dedicar ás súas actividades profesionais e/ou académicas.

O número máximo de persoas voluntarias con esta dedicación será de **150 persoas** durante o curso. Poderanse admitir novas altas sen necesidade de facer unha convocatoria pública, sempre que o número de horas semanais necesarias para tal actividade sexa inferior a 10 horas. Logo da autorización do Vicerreitor de Extensión Universitaria, estas novas persoas voluntarias tamén serán inscritas no Rexistro de Altas e Baixas da Universidade de Vigo e serán cubertas pola póliza de seguro descrita no parágrafo anterior.

Ademais, a Universidade emitirá un certificado das actividades de voluntariado conforme son certos os datos que posúe a Vicerreitoría; este certificado irá asinado pola Secretaría Xeral da Universidade co visto e praxe do Vicerreitor de Extensión, e nel faranse constar expresamente as horas dedicadas ao voluntariado. Para iso, é preciso que obren en poder dos responsables da Área de Voluntariado (SIOPE) os informes finais emitidos polos centros receptores (institucións, organizacións ou asociacións) en que se acredite o anterior.

## **SOLICITANTES**

Poderán pertencer ao colectivo de voluntariado o alumnado, profesorado e P.A.S. da Universidade de Vigo, así coma os ex-alumnos/as que así o soliciten.

## **LEXISLACIÓN MÁIS IMPORTANTE APLICABLE**

- Lei estatal 6/1996 de 15 de xaneiro de Voluntariado Social e normas que a desenvolvan.
- Lei galega 3/2000 de Voluntariado de Galicia e normas que a desenvolvan.

## **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

A convocatoria de prazas de voluntariado será anual ao comezo de cada curso académico e terán prioridade para cubrir as prazas solicitadas polas entidades, organizacións ou institucións que demanden un número limitado de persoas voluntarias, as persoas con experiencia en cada acción de voluntariado en cursos anteriores.